

O uso das maiúsculas

1 Copia cada oración escribindo as maiúsculas necesarias.

- levaron a xes ao cine a ver a película *a tropa de trapo*.

- o río miño desemboca no océano atlántico.

- o que quero que compres, carlos, é azucre, fariña e ovos.

- os avós xosé e águeda visitarannos este mes.

2 Copia cada título no lugar correspondente. Ten coidado coas maiúsculas!

viaxe a saturno • unha mascota para carne • as aventuras de faísca



REPASA ESTA INFORMACIÓN. Despois, corrixe as actividades anteriores.

A letra inicial dunha palabra escríbese con **maiúscula** nos seguintes casos:

- Ao principio dun texto.
- Despois de signos que pechan oracións: punto, o signo de interrogación, o signo de admiración...
- Nos nomes propios de persoas, animais, lugares, etc.
- Nos títulos de contos, películas, cancións, etc.